

Partes:

- (i) **R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U.** (en diante, **R**), con domicilio en A Coruña, calle Real nº 85 e NIF A-15474281.
- (ii) _____, (en diante, o **CLIENTE**), con NIF nº _____, e domicilio a efectos de prestación do servizo contratado en _____ de conformidade coas tarifas vixentes en cada momento e que poden ser consultadas en www.R.gal.

Cláusulas:**PRIMEIRA.- OBXECTO**

Mediante a aceptación das presentes condicións, o Cliente contrata a prestación por parte de **R** o servizo ZOLLOS **R** e os equipos seleccionados. Para todo o non expresamente establecido nas presentes Condicións resultará de aplicación o disposto nas CONDICIÓN XERAIS DE CONTRATO DE **R**. No suposto de diverxencia entre ambas Condicións, prevalecerá o establecido polo presente Anexo. No caso de que o Cliente solicite a modificación dos servizos contratados por vía electrónica ou telefónica, os novos servizos rexeranse polas presentes Condicións Xerais, polo que non será necesaria a firma dun novo contrato.

SEGUNDA.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

O servizo ZOLLOS **R** permite ao Cliente controlar e coñecer o que sucede no seu fogar de maneira remota, e almacenar nun servidor na nube o detectado. Para ese efecto, o servizo préstase a través dun equipamento de control conectado a unha serie de sensores e dispositivos, así como un sistema de configuración das regras de control e almacenamento na nube dos datos rexistrados. Así mesmo, o servizo inclúe un servizo de atención e resolución telefónica de incidencias. O servizo ZOLLOS **R** non é un sistema de seguridade, nin unha alarma, e por tanto, nin a súa comercialización nin a prestación dos servizos aparelados se rexe pola Normativa de Seguridade Privada. O servizo tampouco se atopa conectado a unha central de alarmas, nin cursa avisos á Policía. Así mesmo, no suposto de conectarse sensores de fumes, o servizo tampouco ten a consideración de sistema pasivo de detección de incendios. O servizo unicamente se atopa dispoñible na comunidade autónoma de Galicia.

TERCEIRA.- EQUIPAMENTO PRECISO PARA A PRESTACION DO SERVIZO

En función das súas necesidades, o Cliente poderá configurar o servizo engadindo ao concentrador os sensores e dispositivos que precise (dentro dos límites do servizo). Os equipos entregados permiten exclusivamente a prestación do servizo prestado en virtude do presente contrato, non podendo ser configurados para outra finalidade. A configuración mínima do servizo require polo menos dun Concentrador e un sensor ou dispositivo asociado. Os equipos cos que pode configurarse o servizo son os seguintes:

A.- Concentrador en réxime de aluguer

O Concentrador é un equipo electrónico dedicado a centralizar e controlar os distintos sensores e dispositivos e conectar os datos rexistrados a un servidor na nube. A conexión entre o Concentrador e os dispositivos realizarase mediante tecnoloxía sen fíos. O Concentrador deberá contar cunha conexión de internet de banda ancha cunha velocidade mínima de 8 Mbps así como alimentación eléctrica. O Concentrador é un equipo propiedade de **R** que se entregará ao Cliente en réxime de aluguer e seranlle de aplicación as condicións previstas para o aluguer de equipos no contrato xeral.

B.- Sensores e dispositivos

Entreganse ao Cliente en réxime de compravenda e contarán co réxime de garantía previsto pola lexislación vixente. O funcionamento dos sensores e dispositivos requirirá en uso de pilas ou baterías, ou no seu caso a súa conexión á rede eléctrica. En todo caso, será responsabilidade do Cliente verificar que os sensores contan con pilas cargadas, así como cambialas cando sexa preciso. Sen prexuízo da posterior inclusión de novos sensores e dispositivos, os dispoñibles neste momento para a prestación do servizo son os seguintes:

- SENSOR DE APERTURA: proporciona avisos básicos de apertura e peche de portas.
- SENSOR 4 en 1: facilita avisos de movemento dentro do seu perímetro de actuación así como, humidade, luminancia e temperatura.
- SENSOR DE FUME: facilita avisos de presenza excesiva de fume na área de actuación do sensor.
- CÁMARA HD E CÁMARA HD CON AUDIO: permite a visión *online* do que ocorre fronte á cámara e a gravación de 30 segundos ante certos eventos programados. Para a instalación da cámara a conexión a internet do Cliente deberá contar con wifi dentro do alcance da cámara.
- SENSOR AUGA: proporciona avisos básicos de inundación na área no que está instalado o sensor.
- ENCHUFE INTELIXENTE: permite accións básicas de apagado e acceso.
- MEDIDOR DE CADRO ELECTRICICO: facilita información sobre o consumo eléctrico do fogar do cliente.

Os avisos dos eventos detectados poderanse enviar por correo electrónico ou a través da aplicación para dispositivos móbiles desenvolvida para ese efecto. Así mesmo, se o Concentrador se atopa apagado ou fóra de liña, xerarase un aviso da forma antes apuntada.

CUARTA.- CONTROL E XESTIÓN DO SERVIZO

O servizo será controlado e xestionado exclusivamente polo Cliente, para ese efecto **R** pon á disposición do Cliente unha páxina web de control e xestión da súa instalación ZOLLOS **R**, así como unha dunha aplicación para dispositivos móbiles. En ambos os casos o acceso requirirá un usuario e contrasinal.

QUINTA.- LIMITACIÓNS DO SERVIZO E EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADES

Para o funcionamento do servizo resulta necesaria a alimentación eléctrica do Concentrador e os sensores. Así mesmo, o Concentrador deberá contar en todo momento cunha conexión a internet de, polo menos, 8 Mbps. A conectividade entre os sensores e o Concentrador é sen fíos, polo que esta pode verse afectada pola existencia de interferencias permanentes ou puntuais no domicilio do Cliente. Dado que non se trata dun servizo de seguridade, nin de prevención de incendios, **R** en ningún caso responderá ante a comisión de roubos, furtos ou outros ilícitos, incendios, inundacións e outros sinistros que causen danos persoais ou materiais no inmovible do Cliente e/ou nos seus afeños ou mobiliario. En ningún caso **R** será responsable:

- se o Cliente fai mal uso dos dispositivos ou do Servizo
- do uso indebido ou difusión que puidese realizar o Cliente de datos, informes e imaxes entregados na prestación do Servizo.
- dos fallos do servizo debidos á falta de conectividade a internet, interferencias, e caídas da subministración eléctrica.
- dos avisos ou alertas cursados polo Cliente aos servizos de emerxencia como consecuencia dos datos achegados polo funcionamento do servizo.

R non responderá por danos e prexuízos directos ou indirectos e/ou consecucionais, incluído o lucro cesante e a perda de produción.

SEXTA.- AVARÍAS

Calquera incidencia ou problema nos equipos instalados, tratará de resolverse de forma remota. Con todo, se tentada a solución en remoto, esta non fose efectiva, desprazarase un técnico ao domicilio do CLIENTE, correndo por conta deste os gastos de desprazamento ocasionados, se o fallo ou incidencia fose da súa responsabilidade, salvo que dispoña do servizo de mantemento avanzado.

SÉTIMA.- CLAUSULA DE PRIVACIDADE**7.1. Protección de Datos:**

Responsable	R , con CIF A15474281
Finalidade	Prestación dos servizos solicitados
Lexitimación	Relación contractual
Destinatarios	Administracións e organismos públicos, e prestadores de servizos que deban ter acceso a estes datos en virtude dos servizos que prestan a R .
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na cláusula 7 do presente contrato.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na cláusula 7 do presente contrato.

Coa firma/acepto do presente documento, o Cliente declara coñecer e entender a política de privacidade de **R**.

En proba de conformidade asinan as partes o presente acordo a día _____ de _____ de _____

sinatura do CLIENTE



Alfredo Ramos
director xeral de **R**

7.2. Responsable do tratamento:

R é a responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que se facilitan no presente contrato, así como calquera outros que **R** obteña durante a prestación dos servizos contratados.

A presente cláusula ten por obxecto facilitar información sobre os dereitos que asisten na condición de Cliente, en virtude do Regulamento Xeral de Protección de Datos ("RGPD"), así como os detalles de como se tratan os datos en **R**. En caso de dúbida relativa ao tratamento dos datos persoais o Cliente poderá contactar con **R** na seguinte dirección: r-ao-habla@mundo-r.net Así mesmo, **R** informa o Cliente que conta cun Delegado de Protección de Datos, que é a persoa encargada de protexer o dereito fundamental á protección de datos e que se encarga do cumprimento da normativa en protección de datos en **R**, con quen o Cliente poderá poñerse en contacto a través da seguinte dirección dpd@mundo-r.net

O Cliente comprométese a manter dentro do ámbito persoal ou doméstico todos os datos persoais (incluídas imaxes, audios, datos de localización) que poida obter a través dos dispositivos que integran o servizo contratado. En caso contrario, o Cliente podería ter a consideración de responsable do tratamento a efectos do RGPD, séndolle de aplicación as obrigas previstas na citada normativa, sen que se lle poida derivar ningunha responsabilidade a **R** polo incorrecto uso ou tratamento dos datos solicitados a través deste servizo polo Cliente.

7.3. Finalidades do tratamento, base legal e comunicacións de datos:

Na seguinte táboa o Cliente pode consultar:

- As finalidades do tratamento dos datos persoais, isto é, o motivo polo cal **R** trata os datos persoais dos Clientes.
- As bases legais que permiten o tratamento de datos por parte de **R** para cada unha das finalidades indicadas.
- Os destinatarios dos datos persoais. A estes efectos, **R** informa o Cliente de que non cede os datos persoais a terceiros salvo cando exista unha obriga legal (Facenda Pública, Xuíces e Tribunais...) ou expresamente **R** o indique na táboa que figura a continuación. Por outra banda, poderán ter acceso aos datos persoais os encargados do tratamento de **R**, é dicir, os prestadores de servizos de **R** que para o desenvolvemento das súas funcións teñan que acceder aos datos persoais. Estes prestadores de servizos que acceden aos datos persoais, con carácter xeral e entre outros, dedícanse aos sectores de sistemas de información e tecnoloxía. Na táboa que figura a continuación indicaranse aqueles outros sectores en cuxa virtude os prestadores de servizos de **R** teñen que acceder aos datos persoais
- A existencia de potenciais transferencias internacionais de datos, e
- O prazo de conservación dos datos. A estes efectos **R** informa o Cliente de que conserva os datos persoais do cliente durante toda a vixencia da relación contractual ou por un período superior se así nolo autoriza o Cliente, todo iso sen prexuízo da anonimización dos datos para o seu posterior uso con fins estatísticos. Así mesmo, **R** informa o Cliente que os datos permanecerán bloqueados para a atención de reclamacións xudiciais, administrativas ou fiscais, polos prazos que legalmente determine cada normativa que resulte de aplicación.

Así mesmo, **R** informa o Cliente de que pode solicitar máis información sobre os destinatarios dos datos enviando un correo electrónico ao enderezo fala-con-R@mundo-R.net, indicando o tratamento concreto sobre cuxos destinatarios requira máis información.

Finalidade do tratamento	Base legal	Destinatarios	Transferencias internacionais	Prazo de conservación
Xestión dos datos persoais (incluídos os inferidos dos dispositivos obxecto do servizo) para a prestación do servizo contratado a R no contrato Sollos. Así como atender as dúbidas e reclamacións derivadas da propia prestación do servizo	Xestión da relación contractual: prestación dos servizos solicitados, así como atención ás reclamacións ou consultas realizadas no marco desta prestación de servizos.	Os datos poden ser cedidos á entidade bancaria respecto da cal aceptases a domiciliación de "Adeudo Directo SEPA". Os prestadores de servizos que poderían acceder aos datos persoais para este tratamento dedícanse aos seguintes sectores: mantemento	Os datos persoais do Cliente serán almacenados en Amazon Web Services, entidade adherida ao acordo de Privacy Shield, o cal implica que ten un nivel de protección de datos equiparable ao español.	Durante a relación contractual.

Información necesaria e actualizada

Todos os campos que aparezan sinalados cun asterisco (*) nos formularios que se lle faciliten ao Cliente deberanse cubrir obrigatoriamente, de tal modo que a omisión dalgún deles podería comportar a imposibilidade de prestar o servizo contratado.

Para que a información facilitada estea sempre actualizada e non conteña erros, o Cliente deberá comunicar a **R**, o máis axiña posible, as modificacións e rectificacións dos datos de carácter persoal que se vaian producindo a través dos medios indicados no apartado 3 para o exercicio de dereitos dos interesados.

7.4. Dereitos dos interesados:

R informa ao Cliente que poderá exercer os seguintes dereitos:

- dereito de acceso aos datos persoais para saber cales están a ser obxecto de tratamento e as operacións de tratamento levadas a cabo con eles;
- dereito de rectificación de calquera dato persoal inexacto;
- dereito de supresión dos datos persoais, cando isto sexa posible;
- dereito a solicitar a limitación do tratamento dos datos persoais cando a exactitude, a legalidade ou a necesidade do tratamento dos datos resulte dubidosa, nese caso, **R** poderá conservar os datos para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- dereito de oposición ao tratamento dos datos persoais, cando a base legal que habilite a **R** para o seu tratamento, das indicadas na táboa arriba incluída, sexa o interese lexítimo. **R** deixará de tratar os datos salvo que teña un interese lexítimo imperioso ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- dereito á portabilidade dos datos, cando a base legal que habilite a **R** para o seu tratamento, das indicadas na táboa arriba incluída, sexa a existencia dunha relación contractual ou o teu consentimento.
- dereito a revocar o consentimento outorgado a **R**.

O Cliente poderá exercer os dereitos acompañando acreditación da súa identidade (DNI ou documento equivalente) en calquera momento e de forma gratuíta das seguintes formas:

- Dirixindo un correo electrónico a fala-con-r@mundo-r.net indicando o dereito que desexa exercer e os datos identificativos.
- Dirixindo unha solicitude escrita ao **Apdo. Correos 2096. 15080 A Coruña** indicando o dereito que desexa exercer e os seus datos persoais.

Se o Cliente considerase que **R** non tratou os datos persoais axeitadamente, poderá contactar co Delegado de Protección de Datos na dirección dpd@mundo-r.net

Non obstante, **R** informa o Cliente de que ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se considera que se cometeu unha infracción da lexislación en materia de protección de datos respecto ao tratamento dos datos persoais.